

ESTATUTOS DO CLUBE UNIÓN DEPORTIVA OURENSE

CAPÍTULO I

DA ENTIDADE DEPORTIVA

Sección primeira: Denominación, réxime e fins

Art. 1.- O clube deportivo Unión Deportiva Ourense é unha asociación privada, con personalidade xurídica e capacidade de obrar que ten por obxecto principal a promoción e desenvolvemento dunha ou varias modalidades deportivas, a práctica das mesmas polos seus asociados e a participación en competicións deportivas, sen ánimo de lucro.

Art. 2.- O Club acóllese ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e a canto se dispón na restante lexislación deportiva vixente; constitúese con arreglo ás mesmas e rexerese polo disposto no presente Estatuto, que se someterá a ratificación e inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Art. 3.- Son fins do clube:

- a) Homenaxear e manter viva a honra de Clube Deportivo Ourense. A Unión Deportiva Ourense non trata de suplantar en ningún momento a Clube Deportivo Ourense, ou facerse pasar por él, nin se considera o seu representante nin herdeiro.
- b) Desenvolver actividades físico deportivas, potenciando o deporte de base.
- c) Fomentar, promocionar e divulgar a idea do exercicio físico e do deporte en xeral entre os seus asociados, abonados e entre a xuventude ourensá.
- d) Participar en competicións federadas.
- e) Divulgar a riqueza da cidade de Ourense e da súa provincia, tanto a nivel deportivo coma cultural e histórico.
- f) Fomentar o espírito de unión, participación, amizade, compañeirismo e deportividade entre os seus membros a través da imaxe do clube.

Art. 4.- As cores oficiais do clube Unión Deportiva Ourense son camiseta azul e vermella, pantalón azul e medias azuis

O escudo será o rexistrado no Rexistro Oficial de Patentes e Marcas.

Art. 5.- O idioma oficial de comunicación da Unión Deportiva Ourense é o galego.

Art.6.- O clube fomentará o espírito democrático e rexerese baixo a modalidade dun socio, un voto.

Sección segunda: Modalidades deportivas

Art. 7.- O clube practicará como deporte principal o fútbol e someterá o presente Estatuto á ratificación do órgano competente en materia deportiva da Xunta de Galicia.

Así mesmo, o clube poderá asinar convenios con outros clubs deportivos para favorecer aos socios coa condición de que respecten os presentes estatutos.

Art. 8.- A Xunta Directiva poderá acordar a creación de tantas seccións deportivas como aprobe a Asamblea Xeral. Para tomar parte nas competicións das respectivas Federacións, deberán adscribirse ás mesmas, séndolles de aplicación o Estatuto, Regulamento e demais disposicións destas. Así mesmo, poderá asinar convenios con clubs doutros deportes para favorecer aos socios coa condición de que respecten os presentes estatutos.

Sección terceira: Domicilio e ámbito

Art. 9.- O domicilio social fíxase en Rúa do Serán, s/n (Estadio do Couto) do concello de Ourense, provincia de Ourense, debendo, en caso de modificación, dar conta ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e Federacións. Para trasladar a sede social dentro do concello de Ourense será suficiente o acordo da Xunta Directiva, debendo dar conta á Asamblea Xeral na primeira reunión que celebre.

Art. 10.- O ámbito de actuación é a Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da súa eventual actuación nos ámbitos que esixan as competicións oficiais ou privadas ou as actividades complementarias nas que participe.

CAPÍTULO II

DOS SOCIOS

Sección primeira: Da adquisición e perda da condición de socio

Art. 11.- Para ser admitido como socio será necesario:

- a) Solicitalo por escrito á Xunta Directiva co aval dun socio, facendo constar o acatamento a estes estatutos e demais disposicións polas que se rixa o clube.
- b) Recibir a súa solicitude a aprobación por maioría simple na primeira Asamblea Xeral Ordinaria que se celebre.
- c) Satisfacer a cota de ingreso correspondente. Dita cota será establecida pola Asamblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.
- d) A Asamblea Xeral de socios poderá establecer as condicións xerais para a admisión de novos socios.
- e) Os socios menores de 16 anos non terán dereito a voto nas assembleas ata cumprir dita idade.
- f) Ter unha antigüidade mínima de dous anos como abonado. Este requisito non será esixible durante os dous primeiros anos de existencia do clube.

Os incapacitados e menores de idade non emancipados requirirán autorización dos seus pais ou do seu titor.

O número de socios será ilimitado. A Xunta Directiva poderá suspender, sen embargo, a admisión temporal de novos socios, cando a falta de espazo ou de capacidade das instalacións así o aconselle.

Art. 12.- A condición de socio pérdese:

- a) Por vontade propia, sendo necesaria a presentación por escrito da renuncia a dita condición ante a Xunta Directiva.
- b) Por falta de pago das cotas sociais establecidas, en tempo e forma anualmente acordados e convenientemente informados pola Xunta Directiva.
- c) Por falta de pago da cota anual de abonado establecida, en tempo e forma anualmente acordada e convenientemente informados pola Xunta Directiva.
- d) Por acordo da Xunta Directiva, fundado en faltas de carácter grave establecidas no Réxime Disciplinario, previa audiencia ao interesado, que haberá de ser ratificado na primeira Asamblea Xeral que se celebre.
- e) Por falecemento.
- f) Por calquera outra causa establecida na lexislación vixente.

Sección segunda: Clases, dereitos e deberes

Art. 13.- O Clube comporase das seguintes clases de socios: de honra, fundadores e de número.

- a) Serán socios de honra, aquelas persoas as que a Xunta Directiva confira, polos seus relevantes méritos, esta distinción, que será ratificada na primeira Asamblea Xeral que se celebre. Terán un posto de preferencia nos actos oficiais do Clube.
- b) Serán socios fundadores, aquelas persoas físicas con capacidade de obrar que se den de alta nos trinta días seguintes á Iª Asamblea de Socios do clube. Estes socios non terán que cumprir os requisitos do artigo 11 a excepción do apartado a), con excepción de aval que non será necesario neste caso, e do apartado c).
- c) Serán socios de número todas aquelas persoas físicas con capacidade de obrar que cumpran os requisitos do artigo 11.
- d) Calquera outra modalidade que se acorde pola Asamblea Xeral.

Art. 14.- Os socios fundadores e de número terán os seguintes dereitos:

- a) A participar no cumprimento dos fins específicos do Club, así como nos órganos de goberno e representación, se fosen elixidos para elo.
- b) A exercer o dereito de voto, así como asistir á Asamblea Xeral, de acordo cos estatutos.
- c) A esixir que a actuación do Clube se axuste ao disposto na lexislación vixente, ás disposicións estatutarias específicas e normas legalmente aprobadas pola Xunta Directiva.
- d) Ser elixible, a partir da maioría de idade, para os órganos de goberno ou para calquera outro que prevean estes estatutos ou poidan crearse regulamentariamente.
- e) A posuír o título representativo e acreditativo da súa condición de socio.
- f) A separarse libremente do Clube.
- g) A coñecer as actividades do Clube e a examinar a súa documentación mediante solicitude escrita e asinada onde figure nome, número de socio e documentos que se solicita coñecer, así como coñecer a composición dos órganos de goberno e

representación, nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

- h) A ser escoitado e informado, con carácter previo, á adopción de medidas disciplinarias contra el, debéndose motivar calquer acordo sancionador.
- i) A impugnar os acordos dos órganos do Clube que estime contrarios á lei ou aos estatutos.
- j) A asistir, ocupando a localidade asignada e sempre que estea ao corrente do pago do abono, aos partidos incluídos no mesmo.
- k) A posuír o título representativo e acreditativo da súa condición de abonado.

Art. 15.- Son deberes dos socios fundadores e de número, ademáis dos que se desprenden do presente Estatuto e dos Regulamentos que o desenvolvan, o acatamento aos mesmos e aos acordos que legalmente adopten os seus órganos de goberno, así como a difusión da práctica de actividades físico deportivas, que constitúen o obxecto social, e aboar as cotas, derramas e aportacións que se fixen con arreglo aos estatutos.

Así mesmo os socios fundadores e de número, colaborarán, na medida das súas posibilidades, coa Xunta Directiva en todo o relacionado coa actividade do Clube.

Art. 16.- Establécese o principio de igualdade de todos os socios sen discriminación por raza, sexo, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

CAPÍTULO III

DOS ABONADOS

Sección primeira: Da adquisición e perda da condición de abonado

Art. 17.- Para ser admitido como abonado será necesario:

- a) Solicitalo por escrito á Xunta Directiva, facendo constar o acatamento a estos estatutos e demais disposicións polas que se rixa o clube.
- b) Satisfacer a cota de ingreso correspondente. Dita cota será establecida pola Xunta Directiva.
- c) A Asamblea Xeral de socios poderá establecer as condicións xerais para a admisión de novos abonados.

Art. 18.- A condición de abonado pérdese:

- a) Por vontade propia, sendo necesaria a presentación por escrito da renuncia a dita condición ante a Xunta Directiva.
- b) Por falta de pago das cotas establecidas, en tempo e forma anualmente acordados e convenientemente informadas pola Xunta Directiva.
- c) Por acordo da Xunta Directiva, fundado en faltas de carácter grave establecidas no Réxime Disciplinario, previa audiencia ao interesado, que haberá de ser ratificado na primeira Asamblea Xeral que se celebre.
- d) Por falecemento.
- e) Por calquera outra causa establecida na lexislación vixente.

Art. 19.- O número de abonados será ilimitado. A Xunta Directiva poderá suspender, sen embargo, a admisión temporal de novos abonados, cando a falta de espazo ou de capacidade das instalacións así o aconselle.

Sección segunda: Dereitos e deberes

Art. 20.- Os abonados terán os seguintes dereitos:

- a) A asistir, ocupando a localidade asignada e sempre que estea ao corrente do pago do abono, aos partidos incluídos no mesmo.
- b) A participar no cumprimento dos fins específicos do Club.
- c) A posuír o título representativo e acreditativo da súa condición de abonado.
- d) A separarse libremente do Club.
- e) A ser escoitado e informado, con carácter previo, á adopción de medidas disciplinarias contra el, debéndose motivar calquer acordo sancionador.
- f) A conservar a súa antigüidade no Clube dende a data de ingreso.

Art. 21.- Son deberes dos abonados, ademais dos que se desprenden do presente Estatuto e dos Regulamentos que o desenvolvan, o acatamento aos mesmos e aos acordos que legalmente adopten os seus órganos de goberno e aboar as cotas correspondentes.

Art. 22.- Establécese o principio de igualdade de todos os abonados sen discriminación por raza, sexo, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

CAPÍTULO IV

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO, REPRESENTACIÓN E ADMINISTRACIÓN

Art. 23.- 1.- O Clube estará rexido polos seguintes órganos de goberno:

- a) A Asamblea Xeral
- b) A Xunta Directiva
- c) A Comisión Xestora, en ausencia de Xunta Directiva

2.- A organización e funcionamento do Clube deberá atender a principios democráticos.

A ASAMBLEA XERAL

Sección primeira: Composición e clases

Art. 24.- A Asamblea Xeral é o órgano supremo de goberno do Clube e estará integrada por todos os socios fundadores e de número con dereito a voto.

Art. 25.- As reunións da Asamblea Xeral poden ser ordinarias e extraordinarias.

1.- A Asamblea Xeral Ordinaria reunirase, alomenos, dúas veces ao ano, no mes seguinte a finalización da tempada, e no mes de xaneiro da tempada seguinte.

2.- A Asamblea Extraordinaria celebrárase cando as circunstancias o aconsellen, a proposta da Presidencia, por acordo da Xunta Directiva ou a petición por escrito de, alomenos, o 10% dos socios.

Neste último caso, a Presidencia deberá convocar dita Asamblea no prazo máximo de quince días naturais dende a recepción de dita petición, e a data de celebración da mesma non poderá exceder en máis de trinta días naturais á da súa convocatoria.

Sección segunda: Do seu funcionamento e convocatoria

Art. 26.- As Assembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán válidamente constituídas, previa convocatoria efectuada quince días antes da reunión, por escrito e notificada aos medios de comunicación e publicada na páxina web oficial do club, e con indicación de lugar, día e hora, así como a orde do día, cando concurran a ela en primeira convocatoria, presentes ou representados (unha persoa tan só pode representar a un único socio), un tercio dos socios con dereito a voto, e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados con dereito a voto, mediando entre unha e outra, alomenos, media hora. No caso de Asamblea Xeral Extraordinaria para votar unha moción de censura contra o Presidente, cambio na forma xurídica do club ou a disolución do Club, será necesaria a asistencia da metade dos asociados en primeira convocatoria e dun tercio, en segunda. En todo caso será necesaria a presenza do Presidente o do Secretario, ou das persoas que legalmente os substitúan.

A Xunta Directiva poderá establecer os mecanismos oportunos para regular a asistencia dos asociados mediante representación ou por vía remota facendo uso das novas tecnoloxías, sempre que se garante inequivocamente a identidade dos asistentes por dita vía. Ditos mecanismos deberán ser anunciados e publicados con anterioridade á convocatoria da Asamblea en cuestión.

Art. 27.- Os acordos da Asamblea Xeral adoptaranse por maioría simple dos asociados, presentes ou representados, cando os votos afirmativos superen aos negativos.

Será necesaria a maioría cualificada que se estableza para diversos supostos neste Estatuto.

Sección terceira: Competencia

Art. 28.- Corresponde á Asamblea Xeral:

- a) Aprobar, se procede, a memoria e a liquidación do exercicio anual, o balance e rendición de contas, así como o orzamento de ingresos e gastos.
- b) Coñecer, discutir e aprobar, de selo caso, a xestión e propostas da Xunta Directiva.
- c) Estudiar e resolver as proposicións formuladas polos socios, que deberán ir asinadas e presentadas con cinco días naturais de antelación á celebración da Asamblea.
- d) Sinalar as condicións e formas de admisión de novos socios e abonados e acordar a contía da cota que deberán de satisfacer os asociados e abonados.
- e) Aprobar os Regulamentos de Réxime Interior do Club, e as modificacións dos mesmos, así como as do presente Estatuto.
- f) Autorizar o alleamento dos bens do Club, a toma de diñeiro a préstamo e a emisión de títulos transmisibles representativos de débeda.

- g) Acordar, de ser o caso, a remuneración dos membros do órgano de representación.
- h) Aprobar a cesión temporal de poderes á Comisión Xestora para que actúe como Xunta Directiva, en ausencia desta, ou prorrogar dita cesión por un período determinado.
- i) Aprobar a disolución do clube, así como o nomeamento de liquidadores.
- j) Acordar a solicitude de declaración de utilidade pública.

Os apartados f), g), i) e j) serán competencia de Asamblea Xeral Extraordinaria.

A XUNTA DIRECTIVA

Sección primeira: Composición e funcionamento

Art. 29.- A Xunta Directiva como órgano de goberno do Club, executará os acordos adoptados pola Asamblea Xeral e exerce as funcións que este Estatuto lle confire. Estará formada por un número de membros, que deberán ser socios fundadores ou de número, nun número non inferior a cinco, maiores de idade, en pleno uso dos dereitos civís e non estarán incurso en incompatibilidade establecida na lexislación vixente. Ao fronte da cal estará un Presidente.

O Presidente e os directivos deberán ser socios do clube e ter unha antiguidade de tres anos, requisito que non se esixirá durante os primeiros tres anos de existencia do clube.

Non poderá ser Presidente nin directivo do club aquel socio que desempeñe cargos políticos ou os desempeñara nos últimos tres anos. No caso de persoas que desempeñaran cargos políticos nos últimos tres anos poderase facer unha excepción a través da aprobación pola Asamblea Xeral de Socios.

Art. 30.- 1.- A Xunta Directiva será convocada polo seu Presidente con dous días de antelación, como mínimo, á data de celebración. Também poderá ser convocada a petición da metade máis un dos seus membros. En todo caso deberá haber un xuntanza da Xunta Directiva, alomenos, unha vez ao mes.

2.- A Xunta Directiva tamén quedará válidamente constituída cando estean presentes todos os seus membros, aínda que non houberse convocatoria previa, e sexa así acordado por todos. Os seus acordos deberán ser tomados por maioría de votos dos membros presentes, decidindo o voto de calidade do Presidente en caso de empate.

3.- Das sesións levantarase acta polo Secretario, co visto e prace do Presidente, e reflectirase no libro de actas.

4.- A Xunta Directiva poderá establecer os mecanismos oportunos para regular a presenza dos seus membros por vía remota facendo uso das novas tecnoloxías, sempre que se garanta inequívocamente a identidade dos asistentes por dita vía.

Sección segunda: Competencias e elección

Art. 31.- En especial correspóndelle á Xunta Directiva:

- a) Dirixir a xestión do club, velando polo cumprimento do seu obxecto social.
- b) Crear as Comisión ou Grupos de Traballo que se consideren necesarias.

- c) Nomear as persoas encargadas de dirixir as distintas comisións ou áreas de participación, así como organizar e fomentar todas as actividades deportivas do clube.
- d) Formular o inventario, memoria e orzamento anual que debe someterse á aprobación da Asamblea.
- e) Propor a reforma do Regulamento de Réxime Interno, fixar as normas para o uso das instalacións e tarifas correspondentes.
- f) Manter a orde e a disciplina no clube, e velar polo comportamento deportivo nos encontros e competicións nos que participe.

Art. 32.- 1.- A Xunta Directiva será elegida democráticamente por todos os socios que teñan dereito, mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto.

2.- As eleccións celebraranse cada catro anos.

3.- A realización deste proceso electoral efectuarase conforme ao Regulamento que aprobe a Asamblea Xeral, que deberá axustarse a principios democráticos.

4.- Durante o mandato da Xunta Directiva, o Presidente, no caso de vacantes, poderá nomear substitutos que deberán ser ratificados na seguinte Asamblea Xeral, puidéndose, se así o acepta a Xunta Directiva, ampliar ou disminuir o número dos seus membros, sempre dentro do límite estatutario, coa posterior ratificación da Asamblea Xeral.

Sección terceira: Membros

Art. 33.- O Presidente ten as seguintes atribucións:

- a) Ostentar a representación legal da entidade.
- b) Convocar, presider e levantar as sesións da Asamblea Xeral e da Xunta Directiva, dirixindo as súas deliberacións.
- c) Executar os seus acordos, puidendo decidir con voto de calidade en caso de empate.
- d) Ordear os pagos por conta do club.
- e) Autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia.
- f) Adoptar calquera medida urxente que resulte necesaria, sin prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
- g) Velar polos fins do clube e o seu cumprimento.

Art. 34.- O Vicepresidente terá as facultades de substituír ao Presidente en caso de ausencia, enfermidade ou cese, e aquelas que lle delegue o propio Presidente ou lle atribua a Asamblea Xeral.

Art. 35.- O Secretario coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa do clube e levará o libro de Rexistro de Asociados e Libros de Actas, así como outros que foran da súa competencia.

Art. 36.- O Tesoureiro é o depositario do clube, levará os libros de contabilidade, asinará os recibos, autorizará os pagos e efectuará os mesmos coa sinatura mancomunada do Presidente.

Durante o primeiro mes do ano, formulará un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que porá en coñecemento de todos os asociados.

Art. 37.- Os Vogais da Xunta Directiva do club terán as obrigas propias do seu cargo, así como aquelas que se lles encomende, por delegación ou por comisión de traballo.

Todos os cargos son gratuitos e carecen de interese nos resultados económicos da explotación por si mesmos ou por persoa interposta.

Da Comisión Xestora

Sección primeira: Composición e funcionamento

Art. 38.- No caso de disolución da Xunta Directiva, constituirase unha Comisión Xestora, que se encargará de rexer o funcionamento do club ata a celebración de novas eleccións.

Art. 39.- Se a disolución da Xunta Directiva non se producira por convocatoria dun proceso electoral, a Comisión Xestora poderá convocar a celebración dunha Asamblea Xeral Extraordinaria que lle autorice a rexer o club temporalmente con poderes similares aos dunha Xunta Directiva. Esta cesión de poderes só se poderá solicitar co fin de non prexudicar os intereses do club e rematará necesariamente coa convocatoria dun proceso electoral.

A Asamblea Xeral Extraordinaria poderá convocarse en sucesivas ocasións para prorrogar a cesión temporal de poderes, pero en ningún caso esta prórroga poderá superar a data de celebración do primeiro partido oficial da tempada seguinte a aquela na que se solicitase a primeira cesión.

Art. 40.- Para poder obter a cesión de poderes, a Comisión Xestora deberá nomear alomenos un Presidente, un Secretario e un Tesoureiro, que deberán comprometerse a seguir nas súas funcións ata o fin do prazo solicitado á Asamblea Xeral.

Sección segunda: Competencias

Art. 41.- Corresponderalle á Comisión Xestora asumir as competencias propias da Xunta Directiva durante o período de tempo para o que fora autorizada pola Asamblea.

CAPÍTULO V

DA RESPONSABILIDADE DOS DIRECTIVOS E SOCIOS

Art. 42.- 1.- Os directivos do Clube responderán ante a entidade, ante os socios e ante terceiros polos danos causados e as débedas contraídas por actos dolosos, culposos ou negligentes.

2.- Asimesmo responderán civil e administrativamente polos actos ou omisións realizados no exercicio das súas funcións e polos acordos que houberen votado, fronte a terceiros, fronte ao clube e fronte aos socios.

3.- Cando a responsabilidade non poida ser imputada a ningún directivo, responderán todos solidariamente, a menos que poidan acreditar que non participaron na súa aprobación e execución ou que expresamente se opuxeron a elas.

4.- Os membros dunha Comisión Xestora autorizada pola Asamblea Xeral a actuar con poderes similares aos dunha Xunta Directiva, terán as mesmas responsabilidades que os membros desta durante o período de autorización.

CAPÍTULO VI

DO RÉXIME DOCUMENTAL

Art. 43.- Integra o réxime documental e contable do Clube entre outros:

- a) O libro de Rexistro de Socios, no que deberán constar os seus nomes e apelidos, o número do Documento Nacional de Identidade, enderezo, correo electrónico, antigüidade como socio e, de ser o caso, cargos de representación.
- b) Os libros de actas consignarán as reunións que celebren a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As actas serán suscritas, en todo caso, polo Presidente e Secretario de cada un dos órganos especificados.
- c) Os libros de contabilidade, nos que figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigas, e ingresos e gastos do Clube debendo precisarse a procedencia de aqueles e a inversión ou destino destes.
- d) O balance da situación e das contas dos seus ingresos e gastos que o clube deberá formalizar durante o primeiro mes de cada ano e que porá en coñecemento de todos os socios.
- e) Todos aqueles auxiliares que se consideren oportunos para un mellor desenvolvemento dos seus fins.

CAPÍTULO VII

DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Art. 44.- 1.- No momento de creación deste clube o patrimonio fundacional é ningún.

2.- No futuro o patrimonio estará integrado por:

- a) As aportacións económicas dos socios e abonados, que aprobe a Asamblea Xeral, conforme ás normas establecidas no Regulamento Interior.
- b) As donacións ou subvencións que reciba.
- c) Os resultados económicos que poidan producir os actos que organice a entidade.
- d) As rendas, froitos e intereses do seu patrimonio, así como de herdanzas ou legados de asociados ou terceiras persoas.

3.- A parte da cuota anual pagada polos socios que resulte de restar o prezo do abono anual pasará a formar parte dun fondo de reserva que será empregado do xeito que determine a Asamblea Xeral de socios.

Art. 45.- 1.- Queda expresamente excluído como fin do club o ánimo de lucro.

2.- Exclúese tamén a posibilidade de transformación do clube en Sociedade Anónima Deportiva ou calquera outra fórmula xurídica, agás que esta se deba producir por imperativo legal, e se aprobe por maioría de 2/3 en Asamblea Xeral Extraordinaria.

3.- A totalidade dos seus ingresos e beneficios deberá aplicarse ao cumprimento dos seus fins sociais.

4.- A xestión económica do clube basearase na máis estricta responsabilidade, gastando só o que se ingresa e cumprindo cos compromisos adquiridos con empregados, xogadores, provedores, Facenda, Seguridade Social e demais posibles acreedores. Se unha tempada finaliza con déficit, este debe ser enxugado na seguinte tempada.

Art. 46.- Poderá gravar e allear os seus bens inmobles, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte da cota patrimonial sempre que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que sexan autorizadas tales operacións por maioría de dous tercios en Asamblea Xeral Extraordinaria.
- b) Que ditos actos non comprometan de modo irremediable ao patrimonio do club ou á actividade físico-deportiva que constitúe o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo poderá esixirse, ao oportuno dictamen económico-actuarial, sempre que o soliciten, alomenos, un cinco por cento dos asociados.

2.- O produto obtido do alleamento de instalacións deportivas ou dos terreos nos que se atopen, deberán invertirse íntegramente na adquisición, construción ou melloras de bens da mesma natureza.

Art. 47.- Os títulos de débeda ou parte alícuota patrimonial que emita o club serán nominativos.

Os títulos inscribíranse nun libro que se levará para os efectos e no que se anotarán as sucesivas transferencias.

Nos títulos constará o valor nominal, a data de emisión e, de ser o caso, o interés e prazo de amortización.

Art. 48.- 1.- Os títulos de débeda poderán ser suscritos por calquera persoa física ou xurídica, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial, agás a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

2.- Os títulos de parte alícuota patrimonial poderán ser suscritos polos socios. A condición de socio non estará limitada aos que se atopen en posesión de tales títulos, e non se conferirán

aos seus poseedores dereito especial. En ningún caso estos títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

3.- Os títulos de débeda ou parte alícuota patrimonial serán transferibles de acordo cos requisitos e condicións que en cada caso, estableza a Asamblea Xeral.

CAPÍTULO VIII

DO RÉXIME PREMIAL

Art. 49.- Regulamentariamente establecerase o réxime de concesión de distincións polo clube aos seus xogadores, técnicos, directivos, empregados e afeccionados como recoñecemento á labor realizada, ou, excepcionalmente, a outras persoas que destacaran pola súa axuda á entidade.

As distincións serán a Presidencia de Honra, a condición de socio de honra, a Insignia de Ouro e Brilantes, a Insignia de Ouro e a Insignia de Honra do club.

CAPÍTULO IX

DO RÉXIME DISCIPLINARIO

Art. 50.- 1.- O presente estatuto será desenvolvido por un Regulamento de Réxime Interno, no que se incluírá o Réxime Disciplinario que tipificará as faltas e sancións aplicables aos socios e que concordará coas disposicións federativas do deporte correspondente e co disposto na Lei do Deporte de Galicia e co disposto na restante lexislación aplicable.

2.- O socio que non cumprise as súas obrigas co clube ou que a súa conduta menoscabe os fins do mesmo poderá ser obxecto de expediente disciplinario incoado pola Xunta Directiva, do que se lle dará audiencia e resolverá en consecuencia. Se a Xunta Directiva propuxera a súa expulsión, formalizarase a mesma ante a Asamblea Xeral que aprobe o que corresponda en dereito.

3.- As sancións comprenderán dende a suspensión temporal dos seus dereitos ata a súa expulsión do club.

CAPÍTULO X

DAS CAUSAS DE ELEXIBILIDADE E CESE DO PRESIDENTE

Art. 51.- 1.- Para ser Presidente do club teranse en contas as condicións establecidas, con carácter xeral, para os Presidentes das Federacións Deportivas de Galicia, que se conteñen no artigo 58.3 da Lei do Deporte de Galicia.

2.- O Presidente cesará nas súas funcións por:

- a) Dimisión presentada á Xunta Directiva.
- b) Morte ou incapacidade por enfermidade grave.
- c) Inhabilitación por sentenza xudicial firme ou sanción deportiva.
- d) Aprobación de moción de censura.
- e) Expiración do mandato para o que foi elixido.

Producido o feito referido nos apartados a), b) e c) do punto anterior, a Xunta Directiva constituirase en Comisión Xestora procedendo esta a convocar eleccións no prazo máximo dun mes, agás o previsto no artigo 38.

3.- A moción de censura ao Presidente efectuarase con arreglo ao determinado no artigo 52.

Art. 52.- 1.- Poderán solicitar a moción de censura ao Presidente o 20% dos socios de número do club.

2.- A solicitude de moción de censura efectuarase por escrito, acompañando á mesma o nome e apelidos, número de socio, número de documento de indentificación e fotocopia do mesmo de cada un dos asinantes, así como a aceptación expresa do primeiro signatario do cargo de Presidente da Comisión Xestora que se constituirá en caso de prosperar a moción.

3.- Presentada a moción, a Xunta Directiva disporá de quince días para convocar a Asamblea Xeral Extraordinaria, que deberá ser votada antes dos trinta días seguintes a súa convocatoria. A data e hora de celebración da Asamblea deberá ser consensuada entre a Xunta Directiva e os solicitantes da moción.

4.- Para a validez da constitución da Asamblea Xeral será precisa a asistencia á mesma da metade dos socios, en primeira convocatoria, ou da terceira parte, en segunda. Senón puidera constituírse a Asamblea por falta de asistencia, entenderase desistimada a moción de censura.

5.- A Asamblea Xeral estará presidida polo socio asistente máis antigo, asistido por outro elixido por sorteo, que actuará como Secretario. Ademais, o Presidente da Xunta Directiva e os asinantes da moción de censura terán a posibilidade de designar un interventor por cada unha das furnas en que se vaian a depositar os votos correspondentes á moción de censura.

6.- Unha vez constituída a presidencia da Asamblea, intervirán o representante designado polos solicitantes da moción de censura, e a continuación farao o Presidente da Xunta Directiva ou a persoa en quen él delegue, non puidendo exceder cada unha das intervencións de quince minutos. Ambas partes disporán a continuación de ata dúas quedas de réplica e contrarréplica, cada un dos cales terá unha duración máxima de tres minutos.

7.- De seguido poderán intervir os que o soliciten de entre os asistentes á Asamblea, dando lugar se fora necesario a quedas de réplica e contrarréplica dun máximo de tres minutos por parte do representante dos solicitantes da moción e do Presidente da Xunta Directiva ou a persoa en quen delegara, ou por parte de calquera asistente á Asamblea que fora aludido.

8.- O Presidente da Xunta Directiva pechará o debate, se así o desexa, puidendo empregar na súa intervención un máximo de cinco minutos.

9.- Finalizado o debate, procederá a votar a moción de censura, mediante o procedemento descrito a continuación:

- a) Os votos emitiranse mediante papeletas editadas polo clube, con igual formato, papel e cor. Existirán tres modelos de papeletas diferentes: un deles branco, outro coa palabra “Sí” e outro coa palabra “Non”. Consideraranse nulas as papeletas distintas das oficiais, así como as que teñan engadidos ou enmendas.
- b) Cada voto introducirase nun sobre oficial facilitado polo clube. Se un sobre contén máis dunha papeleta da mesma opción, só será válido un voto; se hai varias papeletas de opcións diferentes, considerarase voto nulo. Se non hai ningunha papeleta, considerarase voto en branco.
- c) Os sobres introduciranse nunha ou máis furnas, dependendo do número de socios asistentes. En cada unha haberá un Presidente, un Secretario e, opcionalmente, un interventor por parte da Xunta Directiva e outro por parte dos solicitantes da moción. O Presidente e o Secretario da Asamblea Xeral actuarán como Presidente e Secretario da primeira furna; en caso de haber máis furnas, sortearanse os cargos de Presidente e Secretario de cada unha delas entre os socios asistentes.
- d) Cada asistente deberá identificarse mediante DNI ou pasaporte e presentar o seu carné de socio válido. O Presidente e o Secretario comprobarán que teñen dereito a voto e introducirán o sobre correspondente na furna.
- e) Finalizada a votación, procederá ao escrutinio da mesma, debendo constar na acta o número de votos emitidos, os favorables á moción de censura, os contrarios a ela, os votos en branco e os votos nulos.
- f) Unha vez finalizado o escrutinio, sumaranse os votos de todas as furnas, se fose necesario e o Presidente da Asamblea lerá en voz alta o resultado da votación.
- g) A moción de censura quedará aprobada se obtén alomenos a metade máis un dos votos emitidos, sempre que así se supere o 20% do número de socios do clube.
- h) Se a moción de censura non prospera, non poderá plantexarse outra polos mesmos motivos ata transcorrido un ano dende a celebración da votación.
- i) Se a moción de censura prospera, a Xunta Directiva disolverase automaticamente, creándose unha Comisión Xestora que estará presidida polo primeiro asinante da solicitude de moción de censura. Ademais, entenderase que a propia Asamblea Xeral Extraordinaria aproba a cesión de poderes á Comisión Xestora segundo o regulado no artigo 38 do presente Estatuto, polo prazo máximo fixado en dito artigo.

CAPÍTULO XI

DA REFORMA DOS ESTATUTOS

Art. 53.- 1.- O presente Estatuto e o Regulamento só poderán ser modificados na Asamblea Xeral Extraordinaria, convocada para os efectos, mediante acordo que deberá adoptarse en

votación cun mínimo de 2/3 dos votos afirmativos dos socios de número asistentes ou representados. No caso de que a modificación afecte aos artigos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 27 e 45 será necesario o 80% de votos afirmativos dos socios de número asistentes ou representados.

2.- No caso de que a modificación ou reforma sexa a consecuencia de disposicións dos órganos superiores deportivos, queda facultada a Xunta Directiva para ditar as normas provisionais de aplicación que refrendará a Asamblea na primeira reunión que celebre.

3.- Dita modificación deberá ser obxecto da inscrición no prazo dun mes, dende a súa aprobación pola Asamblea Xeral e só producirá efectos a partires de que se proceda a súa inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas, que deberá ser ratificada polo órgano competente da Xunta de Galicia no prazo máximo de tres meses.

CAPÍTULO XII

DA DISOLUCIÓN DO CLUBE E DESTINO DOS SEUS BENS

Sección primeira: Da disolución

Art. 54.- 1.- O clube disolverase por:

- a) Vontade expresa dos socios constituídos en Asamblea Xeral.
- b) Sentenza xudicial firme que o ordene.
- c) Causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.

2.- Polo que se refire ao apartado a), a proposta de disolución poderá ser efectuada pola Xunta Directiva en acordo adoptado por unanimidade de todos os seus membros, ou por solicitude dirixida ao Presidente do clube de, alomenos, un dez por cento dos socios do número con dereito a voto.

3.- Producida algunha destas causas, no prazo de quince días procederase polo Presidente, á convocatoria dunha Asamblea Xeral Extraordinaria, con este único obxecto. O quórum necesario para a constitución desta será do 50% en primeira convocatoria ou dun tercio en segunda. No caso de que non puidera constituírse a Asamblea por falta de quórum, procederase polo Presidente a convocar, de novo, a Asamblea Xeral, a celebrar antes dos sete días naturais seguintes. Se nesta segunda tampouco se acadase, a proposta quedará desestimada e non poderá presentarse unha nova ata transcorrido un ano.

4.- Constituída a Asamblea Xeral, o Presidente ou o primeiro asinante da proposta, segundo o caso, exporá os motivos da solicitude de disolución, que será sometida a debate. Pechado este, procederase a votar a proposta, sendo necesaria para a súa aprobación o voto favorable de, alomenos, 2/3 dos socios asistentes á Asamblea.

5.- Se o acordo fora favorable, os membros do órgano de representación no momento da disolución convertiranse en Comisión Liquidadora, ou ben os que designe a Asamblea Xeral, ou o xuíz que, no seu caso, acorde a disolución, que determinará o destino dos bens resultantes, sendo en todos os casos os beneficiarios entidades públicas ou privadas que realicen actividades físico-deportivas ou teñan outros fins análogos de carácter deportivo.

Art. 55.- Dita disolución comunicárase á Xunta de Galicia para que proceda á anulación dos actos nos que teña competencia, interesándose pola Comisión Liquidadora a cancelación de asentos no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia. Igualmente poñeráse en coñecemento da mesma o destino dos bens resultantes para os efectos oportunos.

Ourense, 9 de abril de 2015